



SESION ORDINARIA DE 31 DE OUTUBRO DE 2023

(Acta número 10)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
 D^a. María del Pilar García Porto
 D. Pablo Rivera Capón
 D^a. Mayra García Bermúdez
 D. Miguel Fernández Méndez
 D. Xosé María Arias Fernández
 D. Iván Castro Díaz
 D. Daniel García Fernández
 D. Antonio Ameijide Osorio
 D^a. Carmen José López Rodríguez
 D. José Pardo Lombao
 D. Francisco Javier Balado Teijeiro
 D. José Angel Santos Sánchez
 D. Jesús Manuel Núñez Díaz
 D^a Iria Castro Fernández
 D. Carlos López López
 D. Javier Varela Pérez
 D. Armando Castosa Alvariño
 D^a. María Sol Morandeira Morandeira
 D. Francisco Cajoto Caserío
 D. José Demetrio Salgueiro Rapa
 D. José María Fernández Vázquez
 D. Clemente Iglesias González
 D. Luis Fernández Guitián

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventor:

D. Manuel Roel Hernández-Serrano

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas e dez minutos do día **trinta e un de outubro de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de Secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventor don Manuel Roel Hernández-Serrano, Interventor Adxunto.

Ó comezo da sesión non se encontra no Salón de Plenos o señor deputado D. Armando Castosa Alvariño, que se incorpora no transcurso da mesma.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

	IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Fecha y Hora	07/11/2023 16:19:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Página	1/29



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SEIS DE SETEEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de setembro de dous mil vinte e tres e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos presentes.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231031&punto=2>

PARTE RESOLUTIVA

2.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE RECURSOS CONTRACTUAIS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:


“Esta Deputación Provincial pretende a creación dun Tribunal específico no seu ámbito territorial e asimesmo para calesquera entes dependentes como órgano especializado e funcionalmente independente que ostentará a competencia para resolver os recursos especiais en materia de contratación a que se refire o artigo 44 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), ao amparo do previsto no artigo 46.4 in fine da devandita Lei.

Ó respecto da dita intención foi emitido informe xurídico con indicación do procedemento a seguir IV70GEJIDAB57JBOBUVXMXRDGA.

O apartado 4 do artigo 46 LCSP, de carácter básico, respecto ao órgano competente para a resolución do recurso especial, expresa que:

“En todo caso, los Ayuntamientos de los municipios de gran población a los que se refiere el artículo 121 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, y las Diputaciones Provinciales podrán crear un órgano especializado y funcionalmente independiente que ostentará la competencia para resolver los recursos. Su constitución y funcionamiento y los requisitos que deben reunir sus miembros, su nombramiento, remoción y la duración de su mandato se regirá por lo que establezca la legislación autonómica, o, en su defecto, por lo establecido en el artículo 45 de esta Ley. El Pleno de la Corporación será el competente para acordar su creación y nombrar y

	IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Fecha y Hora	07/11/2023 16:19:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Página	2/29





remover a sus miembros. El resto de los Ayuntamientos podrán atribuir la competencia para resolver el recurso al órgano creado por la Diputación de la provincia a la que pertenezcan"

A xustificación da oportunidade e necesidade da creación do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Deputación de Lugo veu determinada, unha vez se tiveron en conta o volume económico da contratación da Deputación e a posibilidade de prestar un servizo aos concellos da provincia en exercicio das competencias naturais das deputacións provinciais.

Abúndase así en obxectivos de eficacia e eficiencia na resolucións dos recursos especiais interpostos, ao tratarse dun Tribunal específico para coñecer en exclusiva dos recursos especiais interpostos respecto dos contratos do sector público de entes desta provincia con garantía en todo caso da seguridade xurídica, a través da independencia, cualificación específica e experiencia profesional que se esixirá dos seus compoñentes.


A súa creación realízase no exercicio da potestade regulamentaria e de autoorganización recoñecida a esta deputación na Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e da habilitación establecida pola lexislación básica en materia de contratación prevista no artigo 46.4 LCSP.

Na creación deste Tribunal, queda garantida a seguridade xurídica xa que a normativa básica estatal permite a creación deste tipo de órganos no ámbito local, que poden convivir cos establecidos no ámbito autonómico e estatal, sen colisión competencial. Non é senón unha manifestación máis da garantía da autonomía local recoñecida constitucionalmente ás entidades locais, que ten xa claros exemplos de posta en práctica noutras deputacións e tamén noutros ámbitos, como o económico-administrativo, no que conviven tribunais en diferentes ámbitos territoriais no exercicio das súas competencias.

Ao mesmo tempo garántese o principio de interdicción da duplicidade de órganos administrativos, conforme o disposto no artigo 5 da LPACAP, xa que nesta mesma Administración Pública non existe outro órgano que desenvolva igual función sobre o mesmo territorio e poboación. Cuestión distinta é a existencia dun órgano autonómico, ou estatal, aos que lles corresponde o exercicio das súas funcións en ámbito territorial e poboacional de actuación distinto e non concorrente, entre eles, nin co de ámbito provincial, cuxa creación agora preténdese sobre a base desta proposta de Regulamento.

En canto ao principio de eficiencia para o gasto público respecto do Tribunal cuxa creación está prevista legalmente, unha vez optada por esta posibilidade legal, é

	IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Fecha y Hora	07/11/2023 16:19:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Página	3/29



indubidable que un órgano de actuación próximo e inmediato, que se caracteriza pola súa especificidade e exclusividade na materia para coñecer: os contratos do sector público do ámbito provincial de Lugo susceptibles de recurso especial, redunda de forma categórica na redución dos prazos de análises e resolución dos devanditos recursos, o que incide sen dúbida na eficiencia na xestión e non supón un significativo aumento de gastos considerando a complexidade dos mesmos adoitan representar e o sistema de indemnización de gastos aos seus membros en función do volume de asuntos a tratar.

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da LPACAP, co obxecto de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de norma, substanciouse unha consulta pública a través do portal web municipal, solicitando opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma.

Como resultado da dita consulta, que xa foi efectuada, non consta que se realizase suxerencia ou comunicación algunha tal e como se desprende dos informes de rexistro e novas tecnoloxías con csv IV7PTWKNDFFZXR3RXQXCFKVGI e IV7PTUJCMEUS5006WIAXC72SGI, obrantes no expediente.

Así, por parte do Servizo de contratación, seguindo instrucións da Secretaría Xeral procedeuse a elaborar un regulamento de organización e funcionamento do dito tribunal, de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia, a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

En canto á análise do impacto de xénero, conforme ao establecido no artigo 19 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes, desde o punto de vista da regulación das vías de impugnación en materia contractual, enténdese que non ten incidencia algunha sobre a cuestión de xénero, pois se trata en esencia de efectuar unha adaptación da normativa estatal á regulación no ámbito local do recurso especial en materia de contratación.

Dita regulación observa os principios de necesidade e eficacia dado o interese xeral no que se fundamentan as medidas que se establecen, relacionadas todas elas coa autonomía e potestade de autoorganización en relación coas previsións das LCSP. En canto ao principio de proporcionalidade a iniciativa conterá a regulación imprescindible para alcanzar o obxectivo buscado, que non é outro que a regulación deste órgano de recurso especial no ámbito local previsto na lexislación básica

Considerando o anterior e segundo o informe xurídico, que consta no expediente, o paso seguinte se corresponde coa tramitación do procedemento de aprobación do

	IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Fecha y Hora	07/11/2023 16:19:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Página	4/29





Reglamento de organización e funcionamento do Tribunal administrativo de recursos contractuais da Deputación de Lugo prevista no art. 49 da LRBRL que consta dos seguintes trámites:

- a) Aprobación inicial polo Pleno.
- b) Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.
- c) Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.

No caso de que non se presentou ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Polo exposto propono ao Pleno que adopte os seguintes acordos:

1º.- Proceder á creación, na Deputación Provincial de Lugo, do Tribunal administrativo de recursos contractuais da Deputación de Lugo (TARCLU) como órgano colexiado especializado, que actuará con plena independencia funcional, transparencia e integridade .


2º.- Aprobar inicialmente o Regulamento de organización e funcionamento do Tribunal administrativo de recursos contractuais da Deputación de Lugo, que se achega xunto coa presente anexo.

3º.- Someter dito Regulamento a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios, polo prazo de 30 días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. Simultaneamente, publicar o texto do Regulamento na sede electrónica provincial co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

4º.- De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno e o acordo de aprobación definitiva tácita do Regulamento, co texto íntegro do mesmo, publicarase para o seu xeral coñecemento non taboleiro de anuncio non o Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica desta institución. Ademais, remitirase á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial, así como copia íntegra autenticada.

5º.- . Facultar ao Sr. Presidente ou en quen este delegue para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto”.

	IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Fecha y Hora	07/11/2023 16:19:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Página	5/29



A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Neste momento incorpórase á sesión Deputado D. Armando Castosa Alvariño.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231031&punto=3>

--oo0oo--

3.- PROPOSTA DE GOBERNO PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA UN PLAN DE CONTROL DA VELUTINA E MEDIDAS DE AXUDA PARA OS SECTORES AFECTADOS, NOMEADAMENTE O SECTOR APÍCOLA.


Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta de goberno sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, e o Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno para reclamar á Xunta de Galicia un plan de control da velutina e medidas de axuda para os sectores afectados, nomeadamente o sector apícola.

O pasado 11 de outubro, apicultores de toda Galicia manifestaron en Lugo para reclamar á Xunta un plan eficaz de control e loita contra a actividade desta especie invasora, que ocasiona perdas económicas no sector primario e tamén supón un risco para a saúde dos galegos e galegas. Esta especie invasora ocasiona perdas no sector frutícola e vinícola, pero afecta dun xeito especial ós apicultores. A velutina ataca e mata ás abellas, fai que non salgan das súas colmeas e produzan menos mel. Segundo datos dos produtores/as, as perdas anuais derivadas da acción desta especie invasora poden chegar facilmente ós 10.000 ou 12.000 euros ó ano por produtor/a.

	IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Fecha y Hora	07/11/2023 16:19:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Página	6/29





A manifestación veu poñer de manifesto, unha vez máis, a despreocupación da Xunta polo sector primario e o rural, e a súa incapacidade para desenvolver políticas eficaces á hora de facer fronte a situacións de crise. As primeiras noticias da chegada da velutina a Galicia producíronse en 2011 e en apenas unha década de presenza, a súa expansión medrou dun xeito exponencial. Se en 2012 se retiraron 17 niños de velutina, a propia Xunta recoñece que no pasado ano 2022 a cantidade se elevou a 22.000.

Xunto co prexuízo para a economía do rural, a presenza das velutinas é un risco para a saúde, porque moitas das persoas alérxicas ó veneno destes animais ignoran esa circunstancia ata o momento de sufrir a picadura. Este verán morreu un apicultor de Melón, en Ourense; e estudos científicos revelan que Galicia é a zona de España na que se producen máis vítimas mortais por ataque de vespa, sexa común ou velutina: 28 mortos entre 1999 e 2018, o que supón o 35% do total das vítimas rexistradas en España durante ese período.


Cronoloxicamente, a expansión da velutina en Galicia coincide cos anos de goberno do PP na Xunta. A expansión desta vespa é, xa que logo, un indicador do fracaso das políticas desenvolvidas pola consellería de Medio Rural. As queixas dos apicultores/as – como as dos veciños/as que denuncian a presenza de niños – faltan de lentitude na resposta e falta de medios, con avespeiros que pasan semanas sen retirar a pesares das denuncias.

A pesares de todo isto, a Xunta segue a facer deixadez das súas competencias e descarga a loita contra esta praga nas mans dos apicultores/as e dos concellos, ós que ven achegando medios insuficientes. A diferenza de CCAA como Asturias, Navarra ou Baleares, a Xunta non ten implementado un plan de control e loita contra esta especie. O traballo da empresa pública SEAGA estase a revelar como ineficaz, cunha carencia de medios da que é bo exemplo a eliminación da atención personalizada das chamadas telefónicas de denuncia ou o tempo de espera medio de dous meses para a retirada dos niños.

A Xunta non potenciou nin medidas globais ou integrais nin implicou ao sistema investigador e ás universidades para tratar de combater esta auténtica praga que ameaza ás persoas e máis ás actividades agrarias. O proceso sería moito máis efectivo se existise un protocolo de loita elaborado mediante a coordinación da Xunta de Galicia coas organizacións agrarias, as universidades e as distintas administracións involucradas.

Por todo isto, queremos facer nosas as reclamacións e as preocupacións expresadas polos apicultores/as galegos/as en torno a presenza da velutina, e sometemos para o

	IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Fecha y Hora	07/11/2023 16:19:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Página	7/29



seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Proposta de Goberno pola que a Deputación Provincial de Lugo reclama á Xunta de Galicia:

- Que desenvolva un Plan Autonómico de Loita contra a Velutina a semellanza do feito en comunidades como Asturias, Navarra ou Illas Baleares, que recolla a avaliación e expansión dos avespeiros por zonas ou comarcas.
- Que mentres elabora este plan incrementa o persoal do SEAGA destinado a loitar contra a velutina e se revisen os protocolos de retirada dos avespeiros, mellorando a atención das denuncias e incidencias notificadas e o tempo de resposta na retirada de niños.
- Que habilite unha liña de axudas específicas para compensar ós apicultores e outros produtores do sector primario polas perdas económicas ocasionadas pola actividade da velutina.
- Que estableza medidas que eximan excepcionalmente ás persoas que se incorporan á actividade agraria e que non puideron afrontar as perdas causadas polos ataques das vespas velutinas, para que non se vexan obrigadas a devolver a axuda de incorporación ao non acadar os obxectivos económicos marcados no plan empresarial da incorporación”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Ante esta proposta por parte do Grupo Provincial Popular preséntase unha emenda que textualmente di o seguinte:

Emenda de engádega do Grupo Provincial Popular:

“O Grupo Provincial Popular propón substituir o texto da proposta de acordó formulada de xeito que este quede da seguinte forma:

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo insta á Xunta de Galicia a seguir impulsando o Programa de Vixilancia e Control fronte á Vespa Velutina, así como a seguir poñendo en marcha axudas para o sector apícola”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 2 (emitidos por dous Deputados do Grupo Provincial Popular); abstencións 10 (correspondentes

	IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Fecha y Hora	07/11/2023 16:19:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Página	8/29





ós/as señores/as deputados do Grupo Provincial Popular. Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231031&punto=4>

4.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO Á XUNTA UN PLAN ÚNICO DE FINANCIAMENTO QUE INCREMENTE OS FONDOS DIRECTOS TRANSFERIDOS ÓS CONCELLOS.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta un plan único de financiamento que incremente os fondos directos transferidos ós concellos.

Hai apenas uns días asistimos a unha nova edición da operación de propaganda e desvergonza ca que a Xunta envolve a presentación dos seus Orzamentos para agochar as eivas da súa xestión. Un ano máis, a Xunta esgota os superlativos sobre o carácter excepcional ou de récord dos orzamentos, mentres na vida real dos veciños e veciñas o único récord que bate a Xunta é o de gastar cada ano máis cartos para ofrecer peores servizos públicos.

Os Orzamentos previstos para o 2024 son tamén, unha vez máis, un exemplo do desinterese da Xunta pola situación dos concellos galegos e o seu desprezo cara as súas necesidades. Sobre un total de 13.257M€, a Xunta vai destinar ó Fondo de Cooperación Local 152M€. Dito en porcentaxe, a Xunta transferirá ós concellos de xeito directo só un 1,1% dos seus orzamentos. O resto do que perciban as facendas locais dependerá, unha vez máis de criterios arbitrarios e partidistas, artellados en torno a figuras tan surrealistas como as subvencións non competitivas que se abren ás 12 da noite e quedan esgotadas cinco minutos despois.

Nun alarde de cinismo, logo de telo conxelado durante máis dunha década, a Xunta presume agora de incrementar nun 6% a partida do Fondo de Cooperación Local. O PP esquece que nese período o IPC subiu un 16%, co que o suposto incremento do que presumen apenas cubre a metade da perda de poder adquisitivo que veñen padecendo os concellos galegos.

	IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Fecha y Hora	07/11/2023 16:19:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Página	9/29



Os e as socialistas lucenses levamos sempre con nós a bandeira do municipalismo. Defendemos á administración local por ser a máis próxima ao cidadán, a que mellor entende as súas necesidades e aquela á que a xente recorre cando ten un problema. Por todo iso, o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia:

- A elaboración dun Plan Único de financiamento para os concellos, elaborado con criterios obxectivos, que incremente a achega de fondos directos que as facendas locais perciben da administración autonómica.
- Que mentres non teñan en marcha o citado Plan, incremente o Fondo de Cooperación Local polo menos na mesma porcentaxe en que medrou o IPC durante os anos que estivo conxelado por parte da Xunta de Galicia.

Que o Presidente da Xunta se reúna cos presidentes das Deputacións e o presidente da FEGAMP para estudar, consensuar e falar de cara a contar cun proxecto de orzamentos para a Xunta de Galicia para o ano 2024 xusto e igualitario con todos os concellos

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231031&punto=5>

5.- MOCIÓN DO BNG CONTRA A DECLARACIÓN DE INTERESE PÚBLICO SUPERIOR A PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DOS PARQUES EÓLICOS DE COMPETENCIA AUTONÓMICA.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

	IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Fecha y Hora	07/11/2023 16:19:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Página	10/29





“O Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción contra a declaración de interese público superior á planificación, construción e explotación dos parques eólicos de competencia autonómica

Exposición de Motivos

Continuamos asistindo na Galiza a un boom eólico desenvolvido sen a axeitada planificación e vixilancia pública, baixo unha arquitectura legal obsoleta e sen garantías para a participación social e a salvagarda do patrimonio natural.

A provincia de Lugo non é allea a esta situación. E lonxe das administracións poñerlle remedio ao que fan e afondar no escurantismo e na lixeireza administrativa das tramitacións pertinentes.

Hai un evidente abandono de funcións por parte da Xunta de Galiza, que nega un debate arredor de cal debe ser o novo modelo enerxético galego para a descarbonización ao tempo que impulsa mudanzas lexislativas para reducir garantías á sociedade e aos concellos galegos e abrir a porta a grandes multinacionais sen retorno socioeconómico e sen unha mínima protección dos valores naturais. Ao mesmo tempo, continuamos asistindo ao avance de proxectos de parques de máis de 50MW, que dependen do goberno central.

Despois dunha década de parálise, asistimos a unha expansión sen precedentes de proxectos de parques eólicos, avalados por modificacións lexislativas como a que hoxe nos ocupa e que transcribimos de seguido.

““ *III. TÍTULO II. MEDIDAS ADMINISTRATIVAS
CAPÍTULO IX. Economía e Industria
Sección 1ª. Promoción en Galicia do despregamento da enerxía eólica como enerxía renovable*

*Artigo 31. Finalidades
As previsións recollidas nesta sección teñen como finalidade promover o despregamento da enerxía eólica como enerxía renovable en Galicia, tendo en conta os seguintes aspectos:*

a) O papel esencial da enerxía renovable no cumprimento dos obxectivos de redución das emisións netas de gases de efecto invernadoiro e de neutralidade climática da Unión Europea.

	IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Fecha y Hora	07/11/2023 16:19:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Página	11/29



b) A contribución da enerxía renovable á redución da contaminación e á protección, restauración e mellora do estado do medio ambiente, detendo e revertendo a perda de biodiversidade.

c) Os beneficios socioeconómicos das enerxías renovables en Galicia, mediante a creación de novos postos de traballo, o fomento das industrias locais, e a súa contribución á redución dos prezos da enerxía e á consecución dun prezo xusto e alcanzable para os cidadáns e as empresas.

Artigo 32. Declaración de interese público superior da planificación, construción e explotación de parques eólicos de competencia autonómica

Atendendo ás finalidades establecidas no artigo anterior, e cos efectos establecidos nos artigos seguintes declárase de interese público superior a planificación, construción e explotación dos parques eólicos de competencia autonómica, así como das súas infraestruturas de evacuación. Esta declaración inclúe os seus procedementos de autorización, construción e posta en funcionamento.

Artigo 33. Efectos de acordo co Dereito da Unión Europea

1. De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2022/2577 do Consello, do 22 de decembro de 2022, polo que se establece un marco para acelerar o despregamento de enerxías renovables, nos procedementos de autorización, construción e posta en funcionamento de parques eólicos de competencia autonómica cuxa data de inicio estea comprendida entre o 30 de decembro de 2022 e o 30 de xuño de 2024, así como aqueles que se iniciaran con anterioridade e nos que non recaese resolución definitiva na vía administrativa antes do 30 de decembro de 2022, presumirase que se trata de proxectos de interese público superior e que contribúen á saúde e á seguridade públicas aos efectos previstos no artigo 3 do referido Regulamento.


2. Esta disposición será extensiva a procedementos de autorización que se inicien con posterioridade a 30 de xuño de 2024 cando así o determine o Dereito da Unión Europea.

Artigo 34. Ponderación do interese público superior

1. A declaración do interese público superior da planificación, construción e explotación dos parques eólicos de competencia autonómica, así como das súas infraestruturas de evacuación, atendendo ás finalidades nas que se basea, implica a presunción de que as indicadas actividades responden a ese interese público superior e contribúen á saúde e seguridade públicas, polo que a indicada presunción se terá en conta como un elemento relevante ao ponderar os intereses xurídicos de cada caso no proceso de planificación, concesión de autorizacións e posta en funcionamento, salvo proba en contrario e sen prexuízo das normas que poidan determinar a ponderación doutros intereses para casos concretos.

2. En particular, a presunción indicada no apartado anterior, sen prexuízo do indicado respecto de determinada normativa ambiental no Regulamento (UE) 2022/2577 do Consello do 22 de decembro de 2022, terase en conta nos procedementos de avaliación ambiental necesarios para a autorización dos proxectos, de tal modo que se dea prioridade á construción e explotación dos parques e ao desenvolvemento das súas infraestruturas de evacuación, salvo cando existan elementos probatorios suficientes que acrediten que os ditos proxectos teñen efectos adversos importantes sobre o medio

	IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Fecha y Hora	07/11/2023 16:19:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Página	12/29





ambiente e sobre a paisaxe que non poden mitigarse nin compensarse. En particular, de acordo coas previsións da lexislación estatal básica e autonómica sobre a conservación da biodiversidade, non se poderá prexudicar o mantemento nun estado de conservación favorable das poboacións de especies silvestres que, no seu caso, poidan estar afectadas, na súa área de distribución natural.

3. Aos efectos do establecido no número anterior, presumirase que a avaliación ambiental realizada resulta válida, de conformidade co establecido na lexislación de procedemento administrativo, e que na declaración de impacto ambiental se ten efectuado unha valoración adecuada dos efectos significativos do proxecto no medio ambiente e sobre a paisaxe, que as condicións establecidas nela determinan a adecuada protección dos factores enumerados no artigo 35.1 c) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, así como que son suficientes as medidas preventivas, correctoras e compensatorias establecidas, todo isto sen prexuízo da existencia de proba suficiente en contrario.

En particular, esta presunción estenderase á suficiencia das medidas do programa de vixilancia ambiental recollido na declaración, e do sistema que garanta o cumprimento das indicacións e das medidas previstas para previr, corrixir e, no seu caso, compensar os efectos adversos significativos do proxecto sobre o medio ambiente.

4. Sen prexuízo do indicado no número anterior, a consellería competente en materia de industria establecerá un programa específico de seguimento dos efectos no medio ambiente dos parques eólicos en construción, de acordo co establecido na lexislación de avaliación ambiental para identificar con prontitude os posibles efectos adversos non previstos e permitir levar a cabo as medidas adecuadas para evitalos.

5. No caso de que se presente recurso administrativo contra os actos de autorización do proxecto de parque eólico ou das súas infraestruturas de evacuación e se solicite a suspensión da execución do acto impugnado terase en conta o establecido neste artigo na ponderación que debe efectuarse de acordo co establecido na lexislación de procedemento administrativo. ""

Desde o Bloque Nacionalista Galego observamos con gran preocupación esta situación, que está a ser contestada xa desde o ámbito asociativo e desde o ámbito municipal. Estamos a falar dunha implantación sen precedentes nunha expansión territorial descomunal e carente dunha planificación que poida ser acorde coas necesarias garantías ambientais.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

Instar á Xunta de Galiza a retirar da “Lei de Medidas Fiscais e Administrativas” que acompaña o orzamento 2024 a “Sección 1ª: Promoción en Galiza do despregamento da enerxía eólica como enerxía renovable”, que aparece recollida no “CAPÍTULO IX: Economía e Industria” do “TÍTULO II. MEDIDAS ADMINISTRATIVAS”. Dar traslado deste acordo.

	IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Fecha y Hora	07/11/2023 16:19:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Página	13/29



Demandar da Xunta de Galiza o impulso dun novo consenso para substituír a vixente lei de aproveitamento eólico e planificar o desenvolvemento da enerxía eólica da próxima década, harmonizando os obxectivos e intereses económicos, enerxéticos, sociais e medioambientais, garantindo a transparencia, a avaliación ambiental por parte das administracións públicas e a limitación dos procesos expropiatorios ao mínimo. Para iso, aprobarase un novo Plan Sectorial Eólico cunha ampla participación dos axentes implicados e que preceptivamente inclúa un informe do Consello Económico e Social e un amplo proceso de exposición pública de cara a reunir o meirande consenso posíbel.

Solicitar o compromiso da Xunta para desenvolver cantas actuacións sexan precisas para a paralización de proxectos contrarios aos intereses ambientais, económicos e sociais da provincia de Lugo e a desenvolver cantas actuacións sexan necesarias para favorecer a transparencia, a información e a capacidade de negociación das persoas propietarias e Comunidades de Montes”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231031&punto=6>


6.- MOCIÓN DO BNG PARA REIVINDICAR A NECESIDADE DE IMPULSAR COMPROMISOS ECONÓMICOS E ORZAMENTARIOS PARA GARANTIR A ATENCIÓN Á VIOLENCIA MACHISTA.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG anteriormente sinalada, que di o seguinte:

“O Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira

	IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Fecha y Hora	07/11/2023 16:19:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Página	14/29





sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción para reivindicar a necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentarios apra garantir a atención á violencia machista.

Exposición de Motivos:


Ante o negacionismo e a banalización da violencia machista, é urxente un compromiso político e orzamentario firme por parte de todas as institucións. Máis aínda nun contexto no que vimos de ver como no que vai de 2022 aumentaron os feminicidios tanto en Galiza como no conxunto do Estado. Esta situación, que se dá ademais nun contexto socio-político de avance dos discursos machistas, debe facer saltar todas as alertas nas administracións públicas e levar á revisión dos mecanismos previstos para mellorar a prevención e a intervención, así como para concienciar á sociedade das consecuencias do patriarcado e da falsidade dos discursos que cuestionan a súa existencia.

O pasado 13 de outubro o Observatorio de Violencia do Consello Xeral do Poder Xudicial facía públicos os datos máis recentes respecto da violencia contra a muller na estatística xudicial, que nos permiten ver unha parte da súa enorme dimensión ao térense rexistrado no primeiro semestre de 2023 un total de 1707 denuncias. Pola súa banda, na Memoria 2023 (Exercicio 2022) da Fiscalía de Galiza recóllense máis de 5.000 delitos incoados como violencia de xénero e máis de 1.600 contra a liberdade e a indemnidade sexual.

Por outra banda, un dos ámbitos que máis preocupa ás persoas expertas é o do lecer o ocio nocturno e o coñecemento de violacións e agresións sexuais en grupo e por parte de agresores mozos. Lamentablemente, no verán de 2023 coñecemos agresións sexuais múltiples a través dos medios de comunicación que nos recordan a necesidade de avanzar, como é o caso da violación de dous agresores no Porriño a unha moza no contexto dunhas festas ou a agresión sexual tamén cometida por dous mozos a unha moza nas festas de Monforte en agosto e recentemente vimos de coñecer polos medios de comunicación outra agresión sexual múltiple en Sarria. Aínda que o Parlamento galego acordou, a proposta do BNG, impulsar un Protocolo específico para este ámbito en febreiro de 2023, e a Xunta afirmou que estaría listo antes do verán, continúa sen estar activado.

A violencia machista debe ser unha prioridade política, social e institucional de primeira orde e fronte a efemérides rituais e baleiras de contido, temos unha responsabilidade colectiva á hora de fixar novos compromisos como adecuar as axudas á escalada de prezos e comprometer máis recursos, así como esixir o cumprimento daquelas cuestións que aínda están sen desenvolver da Lei galega contra a violencia machista, como é a atención psicolóxica na atención primaria.

	IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Fecha y Hora	07/11/2023 16:19:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Página	15/29



É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1.- Expresar o seu rexeitamento ante o avance dos discursos negacionistas e banalizadores da violencia machista, e a súa preocupación ante os retrocesos en dereitos que está a impulsar a dereita en diversas institucións no conxunto do Estado malia o aumento dos feminicidios que estamos a vivir durante o 2022, así como o seu apoio ás demandas do feminismo galego e ás convocatorias impulsadas ao abeiro do 25 de novembro de 2023.

2.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar os recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2024 de forma que se sitúen como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero en aspectos como a atención psicolóxica na atención primaria (artigo 25) e se avance en medidas concretas como elevar as contías da prestación periódica (artigo 39) para actualizalas conforme ao incremento do IPC.

3.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar os esforzos na prevención e na loita contra a violencia sexual, acelerando os traballos encamiñados ao cumprimento dos acordos parlamentarios en materia de aprobación e aplicación dun protocolo de prevención e intervención fronte agresións sexuais no marco do ocio nocturno e impulsando no curso 2023/2024 unha campaña específica sobre a violencia sexual e os recursos no ámbito do ensino secundario e universitario para espallar o seu coñecemento entre a poboación máis nova.

4.- Demandar da Xunta de Galiza a aprobación dun programa de ampliación e extensión dos Centros de Información á Muller (CIM) a través das seguintes medidas:

4.1 O incremento da achega económica do programa de axudas e subvencións de apoio aos CIM co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados.

4.2 A contía económica máxima que a Xunta de Galiza alcanzará para o financiamento dos CIM a través da liña de axudas anual terá en conta a fixación do cociente de mínimas de persoal que deberán establecerse en función do número de mulleres potencialmente usuarias do servizo así como a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM. Así mesmo, o Programa de apoio aos CIM procurará que o

	IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Fecha y Hora	07/11/2023 16:19:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Página	16/29





orçamento garanta non só o pagamento dos custes de persoal e de mantemento senón tamén o desenvolvemento de actividades e programas de prevención da violencia machista e a promoción da igualdade.

4.3 Impulso das actuacións necesarias para que a normativa que regula os CIM amplíe o persoal mínimo para a acreditación dos centros para incorporar novos perfís profesionais, nomeadamente, persoal técnico en igualdade e persoal administrativo”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231031&punto=7>

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA RECLAMAR AO GOBERNO CENTRAL MÁIS INVESTIMENTOS NAS INFRAESTRUTURAS NA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular para reclamar ao Goberno Central máis investimentos nas infraestruturas na provincia de Lugo.

Exposición de Motivos

As infraestruturas de comunicación son esenciais para o desenvolvemento económico dos territorios. No caso da provincia de Lugo, tanto no ferrocarril como en estradas

	IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Fecha y Hora	07/11/2023 16:19:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Página	17/29



ou autovías de titularidade estatal dáse un retraso inxustificable e gravemente lesivo para os intereses dos cidadáns.

O 4 de outubro de 2023 celebrouse unha xuntanza entre o secretario de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, o secretario xeral de Infraestruturas do Ministerio, e o comisionado do Corredor de Mercadorías Atlántico e representantes do Goberno autonómico, no que foi a primeira vez que a Xunta se puido reunir co Comisionado desde que foi nomeado en xaneiro, case nove meses despois.

Nesta xuntanza confirmouse que o Ministerio de Transportes non ten previsto executar as variantes de Rubián e dos Peares, imprescindibles para mellorar os tempos de viaxe e achegar a Lugo á alta velocidade ferroviaria, polo que o goberno de Pedro Sánchez segue a marxinar á provincia.

Vemos como a realidade amosa que o actual Goberno de España está a provocar que Lugo quede totalmente á marxe da alta velocidade, cunhas decisións que supoñen unha marxinação e un lastre enorme para o futuro da provincia e a competitividade das nosas empresas.


Resulta necesario e urxente un avance decidido e o firme compromiso por parte do goberno central para facer posible a modernización das infraestruturas ferroviarias no noroeste peninsular e nomeadamente na provincia de Lugo.

Esta xuntanza, lamentablemente, tamén serviu para constatar que haberá un retraso na presentación completa do Plan Director do Corredor de Mercadorías Atlántico xa que o Ministerio o supedita agora á aprobación da revisión do regulamento por parte da Unión Europea, que está en marcha.

Tanto Galicia, como Asturias e Castela e León veñen reivindicando un maior impulso do Corredor Atlántico, tendo como referencia o Corredor Mediterráneo. Unha das mostras máis evidentes da falta de compromiso do actual Goberno de España coa provincia de Lugo é que esta queda totalmente excluída deste corredor, o que supón un golpe moi importante para a competitividade das nosas empresas e para o futuro do noso territorio.

Se as infraestruturas para avanzar no ferrocarril son necesarias e están moi lonxe do que se precisa, a comunicación por estrada é outro dos debes do Goberno de Pedro Sánchez coa provincia. Nada se sabe sobre o posible remate da A-54 (autovía Lugo – Santiago), que sofre retraso tras retraso, como tampouco da A-56 (autovía Lugo – Ourense) da que non existen avances para a nosa provincia. Moita menos noticia temos da autovía A-76 (que conectará Ponferrada con Monforte e con Ourense) nin da A-74 (autovía da Mariña).

	IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Fecha y Hora	07/11/2023 16:19:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Página	18/29





É necesaria axilidade na reconstrución do viaduto do Castro en sentido A Coruña na autovía A-6 (vía fundamental de acceso a Galicia e estratéxica para Lugo) respecto á que, recentemente, os responsables do Ministerio de Transportes simplemente se limitaron a trasladar que a previsión é que se poida poñer en servizo ao longo do vindeiro ano. E, urxe o desbloqueo das obras nas anteriormente citadas autovías e que o Ministerio traslade información oficial de xeito periódico, en lugar do habitual ocultismo ao que nos ten acostumbrados.

Cómpre finalizar con carácter de urxencia os traballos pendentes no tramo afectado da N- 642 polo socavón que se produciu o pasado mes de xaneiro ao colapsar o drenaxe que discorre por debaixo da vía; unha vía estratéxica e vertebral para a comunicación dos concellos do litoral da Mariña lucense e do norte da provincia no seu conxunto, que ademais non conta con percorrido alternativo ao non estar aínda executada a tan necesaria autovía A-74.

E, é preciso que o Goberno de España proceda con celeridade a arranxar o firme deteriorado das estradas N-540, N- 642, N-VI e N-120, etc. e das autoestradas A-6 e A-8 e estableza un plan de conservación anual de calidade de todas as estradas de competencia estatal na provincia de cara a garantir a seguridade de condutores e usuarios destas vías.

Tras os continuos atrancos, retrasos e promesas incumplidas do Goberno en relación ás infraestruturas de titularidade estatal e ante a falta de impulso das novas autovías e a inexistencia dun programa de mantemento das estradas xa existentes é necesario que de inmediato se dea un trato xusto no que respecta ás vías de comunicación que transcorren pola nosa provincia: os lucenses merecemos unhas estradas dignas, seguras e modernas e nas que se cumpran coas labores de conservación e mantemento básicas.

O abandono do goberno de Pedro Sánchez con Lugo é notorio, do mesmo xeito que é patente que a falta de investimentos en infraestruturas clave para Galicia en xeral e para Lugo en particular provocan tremendas desigualdades co resto do territorio.

Por todo o exposto e ante a falta de implicación e compromiso do Goberno de España cun proxecto estratéxico para incrementar as capacidades loxísticas e a competitividade económica e empresarial da provincia de Lugo, o Grupo Municipal/Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Corporación Provincial de Lugo insta ao goberno de España que nas vindeiras anualidades se comprometa coa provincia de Lugo para desbloquear e

	IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Fecha y Hora	07/11/2023 16:19:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Página	19/29



avanzar nas obras das infraestruturas estatais fundamentais para garantir as comunicacións, a competitividade e o desenvolvemento da mesma:

- Garantir a conexión da provincia de Lugo coa Alta Velocidade, a modernización das infraestruturas das liñas ferroviarias, recuperar os proxectos das variantes dos Peares e Rubián habilitando os investimentos necesarios así como recuperar as frecuencias previas á pandemia
- Garantir que a provincia de Lugo se integre no Corredor de Mercadorías do Atlántico.
- Proceder á reconstrución urxente dos viadutos da A-6.
- Impulsar de xeito decidido as obras das autovías A-54 (Lugo-Santiago), A-56 (Lugo-Ourense), A-74 (autovía da Mariña) e A-76 (Ponferrada –Ourense).
- Finalizar con carácter de urxencia os traballos da estrada N-642 no tramo afectado polo socavón.
- Levar a cabo o adecuado de mantemento das infraestruturas de titularidade estatal que transcorren pola provincia de Lugo, como poden ser as autovías A-6 e A-8, a estradas nacionais N-540, N-VI ou N-642, N – 120, entre outras, que garanta a seguridade dos usuarios das mesmas”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do señor Presidente D. José Tomé Roca, e das señoras Deputadas D^a. María del Pilar García Porto e dona Marisol Morandeira Morandeira, membros do Grupo Provincial Socialista, e do señor Deputado D. Efrén Castro Caloto, membro do Grupo Provincial do BNG, acorda informar favorablemente a moción presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Ante esta moción preséntanse emendas do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG, do seguinte teor:

Emenda de engádegas do Grupo Provincial Socialista:

“Engadir o seguinte punto de acordo á proposta presentada:

Proposta de acordo:

2. *Instar á Xunta de Galicia* a que, no desenvolvemento das súas competencias na materia, se comprometa coa provincia de Lugo para desbloquear e avanzar nas

	IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Fecha y Hora	07/11/2023 16:19:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Página	20/29





obras das infraestruturas autonómicas fundamentais para garantir as comunicacións, a competitividade e o desenvolvementoda mesma:

- Garantir a finalización do Plan Paradai, 24 anos despois de iniciarse.
- Abordar con apremio o procedemento para executar o enlace de conexión entre o Parque das Gándaras coa A6, mellorando así as comunicacións dos polígonos industriais da capital coa rede de autovías, atendendo á petición dos colectivos empresariais da cidade.
- Proceder á creación das dúas sendas peonís e ciclistas comprometidas e acordadas polo Consello da Xunta en marzo do 2022 para mellorar a mobilidade en Lugo capital.
- Seguir eliminando os tramos de concentración de accidentes nas vías da provincia de Lugo.
- Continuar desdobrando o corredor de Nadela a Sarria.
- Restituír e arranxar a LU-651 entre Folgoso do Courel e Quiroga.
- Acometer os accesos ao Porto Seco de Monforte e a Vía de Alta Capacidade da Costa Norte.
- Darlle continuidade ás obras no eixe Begonte – Friol – Palas de Rei”.

Emenda de engádega do Grupo Provincial do BNG:

“Consideramos necesario que na presente moción presentada polo grupo provincial popular se engada o seguinte texto:

Reclamar ao Goberno do Estado que incorpore un terceiro carril no tramo da N-634 dende o núcleo de Mondoñedo ata o alto da Xesta para facilitar a posibilidade de adiantamento a vehículos lentos e facer máis fluído o tráfico, como vía alternativa de uso da Autovía A-8”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (emitidos polos señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231031&punto=8>

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR RELATIVA Á LEI 7/2023 DE PROTECCIÓN DOS DEREITOS E O BENESTAR DOS ANIMAIS.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

	IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Fecha y Hora	07/11/2023 16:19:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Página	21/29



“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular anteriormente sinalada, que di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular relativa á Lei 7/2023 de Protección dos dereitos e o benestar animais

Exposición de Motivos

Recentemente, o 29 de setembro de 2023, entrou en vigor, 6 meses despois da súa publicación, a Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais.


Esta Lei estatal ten carácter básico (DF 6ª.1) na maior parte do seu articulado, aínda que algúns artigos son ditados con fundamento en competencias exclusivas do Estado (DF 6ª.2), e, en tanto tal, vén precisar ou redefinir as competencias locais en materia de dereitos e benestar dos animais de compañía e silvestres en cautividade.

Unha parte importante desta Lei resulta de aplicación ás entidades locais, establecendo numerosas obrigas directas e indirectas en base á competencia estatal para o ditado da normativa básica ou de competencia exclusiva do Estado.

Incide, por tanto, de maneira notable nas competencias das entidades locais, atribuíndo a norma directamente aos Concellos algunha das competencias e obrigas relativas á protección e benestar destes animais, como é o caso, entre outras, e sen prexuízo ás referencias á policía local, das seguintes:

- A dotación dunha instalación temporal municipal para albergar aos animais extraviados e abandonados ata a súa recollida polo servizo correspondente, con independencia de que existan concertos, convenios ou contratos para a prestación do servizo de recollida de animais e o seu aloxamento nun centro de protección animal.
- O servizo de urxencia para a recollida e atención veterinaria destes animais, dispoñibles as vinte e catro horas do día.
- O coidado dos animais desamparados ou cuxos titulares non poidan atendelos debido a situacións de vulnerabilidade.
- A identificación do animal abandonado ou extraviado no momento da entrada no centro de acollida a nome do Concello cando se descoñeza o seu propietario.

	IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Fecha y Hora	07/11/2023 16:19:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Página	22/29





- O control de colonias felinas coa identificación mediante microchip, rexistrada baixo a titularidade da Administración local competente, e a esterilización cirúrxica de todos os gatos comunitarios; así como a xestión das devanditas colonias.

A atribución competencial que esta Lei dirixe ás entidades locais, implica, con toda seguridade, a necesidade de ampliar os medios persoais e materiais por parte destas, obriga que non vén acompañada dunha xusta correspondencia de recursos financeiros que o fagan posible, aínda que no seu articulado fai referencia por unha banda a posibles subvencións, así como ás «cantidades que anualmente se consignen nos Orzamentos Xerais do Estado» e «outras axudas que se establezan» e por outra ao apoio das deputacións provinciais, no exercicio das competencias que lles corresponden en canto á garantía da prestación de servizos públicos municipais.

Parece claro, polo tanto, que o papel que poden desempeñar as Deputacións Provinciais será fundamental para facilitar o exercicio destas obrigas nos municipios fundamentalmente nos de pequena poboación.


Todo iso sen esquecer que, xa de forma xenérica, de conformidade ao establecido no artigo 36 LRBRL, son competencias propias das Deputacións Provinciais ou Entidades equivalentes, en todo caso, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

E, que, ademais, tal e como se recolle no artigo 30 do RDL 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, as Deputacións cooperarán á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios.

Neste contexto, constitúen exemplos próximos de cooperación das deputacións provinciais galegas cos concellos:

- A Deputación Provincial de Pontevedra é titular do servizo denominado CAAN, con instalacións situadas non lugar do Busto na parroquia dá Armenteira (Meis), en funcionamento dende ou ano 2013, referente dentro e fora dá provincia, que conta con amplas instalacións e cun grande equipamento técnico e de persoal. Neste centro titularidade da Deputación Provincial se leva a cabo a prestación do servizo de acollida de animais domésticos abandonados de 52 concellos de Pontevedra (que suman máis de 375.000 habitantes).
- A Deputación Provincial de Ourense que, tamén dende hai máis de 10 anos (2013), conta cunha Rede Provincial de Centros de Recollida de Animais Abandonados, con centros de acollida en Xinzo de Limia, O Carballiño, Muíños

	IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Fecha y Hora	07/11/2023 16:19:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Página	23/29



e A Rúa, e que presta actualmente este servizo a máis de 80 concellos do total de 92 concellos ourensáns en virtude dun convenio marco de cooperación.

Entendemos que a Deputación de Lugo, ao igual que estas deputacións e outras moitas de España, debe poñer a disposición dos concellos lucenses os medios materiais, económicos, técnicos e persoais necesarios para dar cumprimento ao establecido na Lei 7/2023, en uso das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985.

Por todo o exposto, e co obxectivo común de que os municipios lucenses poidan cumprir a normativa vixente en relación a garantir a protección e o benestar dos animais de compañía abandonados e silvestres en cativeiro, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:


O Pleno da Deputación Provincial de Lugo:

- Insta ao equipo de goberno provincial para que a Deputación Provincial de Lugo leve a cabo as actuacións que sexan precisas para colaborar cos concellos da provincia de Lugo mediante os mecanismos indispensables, a sinatura de convenios necesarios e a construción das instalacións adecuadas, para a prestación dos servizos de competencia municipal aos que fai referencia a nova Lei estatal 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais, no uso das competencias que lle atribúe o artigo 36 de Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local.
- Insta ao Goberno central para que anualmente consigne nos Orzamentos Xerais do Estado as cantidades necesarias e suficientes que permitan garantir a prestación dos devanditos servizos por parte das entidades locais, de acordo co expresado na citada Lei 7/2023”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do señor Presidente D. José Tomé Roca, e das señoras Deputadas D^a. María del Pilar García Porto e dona Marisol Morandeira Morandeira, membros do Grupo Provincial Socialista, e do señor Deputado D. Efrén Castro Caloto, membro do Grupo Provincial do BNG, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (emitidos polos señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

	IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Fecha y Hora	07/11/2023 16:19:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Página	24/29





<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231031&punto=9>

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

9.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO RELATIVO Á SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS, ANO 2022, POLO CONCELLO DE O VALADOURO.

Aos efectos do previsto nas bases do PLAN ÚNICO 2022, en relación coa substitución de investimentos, no que se sinala na base 14 “..*Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria...*” dase conta ao Pleno dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno de data 15-09-2023 en relación co escrito presenta do pola Alcaldía do Concello de O VALADOURO, solicitando a substitución de investimentos incluídos inicialmente no PLAN ÚNICO 2022, do que se adxunta certificación do amentado acordo.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231031&punto=10>

10.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Dáse conta das resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ao vinte e nove de setembro de dous mil vinte e tres, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 3935 ao 4391. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231031&punto=11>

11.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Pola Presidencia dáse conta da Sentenza 166/2023 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, desestimatoria do recurso contencioso administrativo interposto por don Javier Jorge Castiñeira, contra o acordo da Deputación de 12-04-2022 que ratifica a resolución da Presidencia de 13-12-2019 pola que se adquire unha participación da mercantil TRAGSA, e acordo da Xunta de Goberno da Deputación de 27-012-2019 polo que se encarga a TRAGSA, como medio propio, o servizo de mantemento e conservación de zonas verdes.

	IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Fecha y Hora	07/11/2023 16:19:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Página	25/29



O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231031&punto=12>

12.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Pola Presidencia indícase que hai dous Rogos e dúas Preguntas presentadas polo Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

ROGOS

Primeiro.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo á LU-P-5709, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte Rogo:

A estrada provincial LU-P-5709 (intermunicipal Paradela – Sarria entre Santa María e Castro de Rei de Lemos) foi renovada baixo un mandato con goberno do Partido Popular cun ancho de 8 metros dende o seu punto inicial, na intersección coa estrada autonómica LU-633, ata a ponte de Río Seco.


Recentemente, desenvolvéronse traballos de arranxo nesta mesma vía dende o punto quilométrico 5,9 ata o 10,7 que xeraron críticas entre os veciños da zona porque as actuacións non inclúen melloras no trazado nin o ancheamento da vía que, en moitos puntos, conta cunha plataforma viaria de menos de 5 metros de ancho que dificulta que se poidan cruzar dous vehículos.

A obra é, polo tanto, insuficiente para dar resposta aos requirimentos da industria e das explotacións e, en xeral da veciñanza, que dinamizan e habitan estes núcleos.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno da Deputación de Lugo que desenvolva as xestións oportunas para proceder á mellora do trazado e o ancheamento da plataforma da vía na LU-P-5709 entre os quilómetros 5,9 ata o 10,7, que se teña en conta este criterio para posteriores proxectos de mellora desta vía e do resto de estradas da rede viaria provincial”.

Segundo.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo á mellora e mantemento das instalacións da Escola de Piragüismo, do seguinte teor:

	IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Fecha y Hora	07/11/2023 16:19:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Página	26/29



“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte Rogo:

O piragüismo é un dos deportes que, no seu día, logrou algún dos maiores éxitos e recoñecementos para Lugo e a provincia e a día de hoxe segue a ser unha inesgotable canteira de talentos deportivos. A Deputación de Lugo ten apoiado decididamente esta modalidade deportiva e, incluso, conta con instalacións da súa titularidade á beira do río Miño para fomentar a súa práctica.

Lamentablemente, na actualidade todo indica que o goberno provincial o está a deixar de lado. Por unha banda, o edificio da Escola de Piragüismo na cidade de Lugo presenta diversas deficiencias que se aprecian dende o exterior, que ofrece unha imaxe descoidada debido aos desconchóns na pintura da fachada. Pero tamén no interior onde as humidades, filtracións e fugas de auga provocaron o peche dun dos vestiarios como medida preventiva para garantir a seguridade e a salubridade dos usuarios.

Por outro, a estrutura de formigón que soportaba o pantalán está socavada por debaixo debido ás crecidas do río, polo que é necesario facer unha inspección para saber se está en condicións de seguridade. E tamén é preciso levar a cabo labores de consolidación e mantemento, incluso probablemente algunha actuación de reforzo estrutural.


Ademais, os usuarios só contan cun pantalán flotante de moi reducidas dimensións que resulta moi incómodo e ata inseguro á hora de acceder cos distintos tipos de embarcacións ao río tanto para as clases de piragüismo como para a actividade habitual do Club de Piragüismo Cidade de Lugo. E isto débese a que o antigo pantalán foi retirado fai anos debido a que a Deputación de Lugo perdeu o permiso por parte da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno da Deputación de Lugo que leve a cabo as necesarias actuacións de mellora e mantemento nas instalacións provinciais da Escola de Piragüismo na cidade de Lugo co obxectivo de garantir a seguridade dos usuarios e a tramitar de novo o permiso ante a Confederación Hidrográfica do Miño Sil para repoñer o pantalán de acceso ao ría para as embarcacións na zona”.

PREGUNTAS

Primeira.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa ó centro de día e residencial comarcal en Becerreá, que textualmente di o seguinte:

	IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Fecha y Hora	07/11/2023 16:19:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Página	27/29



Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte Pregunta:

O diálogo entre distintas forzas políticas é fundamental como paso previo para chegar a acordos que redunden en beneficio dos veciños e veciñas. Un exemplo claro constitúeo o centro de día e residencial comarcal en Becerreá que comezou a coller forma da man dun acordo en xuño do 2016. No mes de novembro dese mesmo ano, aprobábase o convenio co Concello e materialízase a encomenda de xestión a SUPLUSA para a súa construción e equipamento. Isto último a instancias do Grupo Provincial Popular.

A pesar de que o goberno provincial prevía a súa finalización para antes do 2020, a certificación final das obras de construción data de xaneiro de 2022. Aínda así non está en funcionamento porque, unha vez rematada, faltaba o centro de transformación e de seccionamento co que, finalmente, conta esta infraestrutura dende xuño deste ano.

Con todo, falta por rematar a instalación da cociña e do mobiliario; ademais de que a Deputación de Lugo solicite á Xunta de Galicia o Permiso de Inicio de Actividade (PIA).

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:


Que actuacións están pendentes e cal é o prazo concreto que prevé o goberno provincial para a posta en servizo do centro de día e residencial comarcal en Becerreá?".

Segunda.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa á canalización de augas pluviais nas marxes da estrada provincial LU-P-3103, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte Pregunta:

Veciños e veciñas da parroquia de Santa María Maior, no municipio de Mondoñedo, daban a benvida ao ano 2023 con ríos de auga nas súas casas. Non era só por mor da abundante choiva que caía na xornada do 1 de xaneiro, senón que tamén tiveron que tomar medidas para evitar que a auga que saía da canalización que discorre por unha das marxes da estrada LU-P-3103, inundase as súas vivendas, tras romper diante a Casa da Escola da parroquia e inundar unha casa que se atopa a escasos metros.

	IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Fecha y Hora	07/11/2023 16:19:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Página	28/29





A rotura da tubaxe evidencia a falta de capacidade da canalización, que ten que recoller grandes volumes de auga procedente da drenaxe da propia estrada provincial, así coma a estrada LU-124 e incluso dos terreos limítrofes. Faise polo tanto necesario actuar, non só arranxar o burato que permanece aberto dende fai preto de 11 meses, senón para incrementar a capacidade das tubaxes para que non volva suceder ningún episodio parecido.

Pasaron xa os meses máis secos e propicios para acometer este tipo de obras e estamos xa no outono e ás portas doutro inverno sen ter solucionado o problema.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Que xestións ten realizado ou ten previsto realizar o goberno provincial co obxectivo de reparar a canalización de augas pluviais que discorre por unha das marxes da estrada provincial LU-P-3103?"

<http://videoactas.deputacionlugo.org/pleno=20231031&punto=13>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e corenta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

	IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Fecha y Hora	07/11/2023 16:19:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PGSJ53EX45O4LZQPFI4P76M	Página	29/29

